

ES-FACTORY POPUP

Amósalle ao mundo a Economía Social

Este espazo é a oportunidade para amosar
proxectos que constrúen un futuro máis xusto
e sostible.

Celebración dos espazos expositivos
prevista para xuño de 2026



XUNTA
DE GALICIA



Que é ES-FACTORY Pop Up?

ES-Factory Pop Up é un programa deseñado para impulsar proxectos de economía social mediante a creación de **espazos comerciais efémeros**. Estes espazos permiten aos proxectos participantes avaliar e testar de forma eficiente os seus produtos, servizos ou modelos de negocio.

O programa tamén facilita un entorno para probar novas ideas, consolidar produtos existentes e fomentar a visibilidade de iniciativas na **Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal**.

A quen se dirixe?



01
Emprendedores da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal interesados en crear e impulsar proxectos empresariais de economía social.



02
Proxectos de economía social existentes na rexión transfronteiriça que buscan consolidar o seu crecemento, explorar novos produtos, modelos de negocio ou procesos de xestión.



03
Empresas de Galicia e do Norte de Portugal baixo fórmulas xurídicas de economía social que queiran experimentar con novos enfoques comerciais.

Como participar?



A participación en **ES-FACTORY POPUP** é totalmente gratuíta para os proxectos participantes. Poderán participar **ata 8 proxectos empresariais de economía social**. Consulte as condicións de participación que se especifican nas bases.



Cales son os obxectivos?

- ✓ Introducir ou dar a coñecer novos produtos e servizos
- ✓ Testar unha idea de negocio nun espazo comercial
- ✓ Ampliar a marca
- ✓ Identificar necesidades ou factores limitantes do proxecto ou produto
- ✓ Mellorar a formación das persoas emprendedoras
- ✓ Identificar sinerxías entre proxectos e fomentar o networking
- ✓ Fomentar o ecosistema emprendedor

Fases do Programa

FASE 1

PROGRAMA DE ASESORAMENTO E FORMACIÓN

Formación grupal e individual:

Adaptado ás necesidades de cada proxecto.

Deseño dun plan de traballo personalizado:

Focalizado en obxectivos estratéxicos a curto e longo prazo.

Mentorización e asesoramento comercial:

Asistencia para mellorar a xestión e consolidación dos proxectos de economía social.

FASE 2

CELEBRACIÓN DO EVENTO POP UP

Participación activa no evento Pop Up:

O evento organízase nun espazo comercial efémero onde os proxectos teñen a oportunidade de presentar os seus produtos e servizos ao público.

Supervisión do proxecto:

Ao longo do evento farase un seguimento do desempeño e da interacción cos consumidores.

Análise e mellora:

Despois do evento, realizarase un análise individualizado para identificar oportunidades de mellora e axustar estratexias.

ACCIONES DE VISIBILIZACIÓN



CAMPAÑAS DE DIFUSIÓN. Concentraranse as accións de difusión do evento durante a semana previa á súa celebración.



EVENTO POP UP. Celebración do evento Pop Up no espazo establecido. Durante a celebración levaranse a cabo accións de difusión e actos de atracción para lograr unha maior afluencia e participación da cidadanía.



PECHE DO POP UP. Evento de peche do programa.

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

España - Portugal



XUNTA
DE GALICIA

Es_factory

popup.es-factory.eu



XUNTA
DE GALICIA



O proxecto 0259_ES_FACTORY_1_E está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER no marco do programa Interreg VI A España - Portugal (POCTEP) 2021-2027